
1.- ANTECEDENTES

1. Con data 20 de maio de 1997 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia un escrito da Consellería de Industria e Comercio de data 19 de maio de 1997 sometendo á consideración deste organismo o borrador do Decreto polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, para que polo Consello se emitira dictame, que non tería natureza preceptiva nin vinculante, senon puramente enriquecedora do texto normativo.

2. O texto do borrador de Decreto foi remitido polo presidente do Consello con data 21 de maio ó presidente o ós membros da Comisión Sectorial nº 1, *Economía, Emprego e Desenvolvemento Territorial*, competente para emitilo dictame por razón de materia. Á vez, tal e como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da citada entrada e remisión do texto do borrador.

3.- Na mesma data, o presidente do CES comunica ó conselleiro solicitante que o procedemento para a emisión de dictame do Consello sobre o asunto reclamado xa foi posto en marcha e que se estableceu un prazo dun mes para o remate dos traballos.

4.- O día 2 de xuño, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial 1 para o mércores, 4 de xuño, co fin, entre outros asuntos, de iniciar o traballo de reflexión sobre a proposta de dictame.

5.- Tra-lo estudio do texto remitido pola Consellería, a Comisión aprobou a súa proposta de Dictame e remitiuna ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- A Comisión Permanente do Consello, na súa reunión 7/97, do día 13 de xuño, á vista do texto elaborado pola Comisión Sectorial 1, acordou convoca-lo Pleno do CES para o día 7 de xullo.

7.- O Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, reunido na súa sesión 6/97, celebrada o 7 de xullo, acordou emitilo seguinte

DICTAME

Sobre o borrador de Decreto polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Decreto polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios está composto por 14 artigos, dous disposicións transitorias, unha derogatoria e una disposición final.

Na súa introducción ou exposición de motivos o decreto sinala a oportunidade de crear un órgano de representación institucional das organizacións de consumidores e usuarios para vertebrar, dun xeito coherente, o sistema de representación dos mesmos.

Con ese decreto queda superada a etapa do Consello Galego de Consumo, que fora creado por un Decreto de 1985, e se integran nun novo órgano os representantes

dos consumidores e usuarios. Este órgano servirá para asesorar á Dirección do Instituto Galego de Consumo, creado pola Lei 8/1994, do 30 de decembro, nas funcións de consulta daquelas disposicións que afectan á protección e defensa dos consumidores e usuarios.

O Consello Galego de Consumidores e Usuarios, establece o Decreto, créase como un órgano de representación institucional das organizacións de consumidores e usuarios.

O texto normativo define as súas funcións, a súa composición, a duración do mandato dos seus membros, os dereitos e obrigas dos mesmos e, finalmente, deroga expresamente o Decreto 37/1985, do 7 de marzo, que regulou a creación do Consello Galego de Consumo.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

As organizacións de consumidores e usuarios, presentes no Consello Económico e Social a través dos representantes no Pleno deste órgano consultivo de membros do Consello Galego de Consumo, demandan a personalidade xurídica para o proxectado Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

A necesidade de dotar ó novo organismo de independencia e autonomía orgánica, funcional e económica para unha maior eficacia das súas actuacións fai imprescindible a atribución da dita personalidade xurídica propia. Só así pódese garanti-lo mellor desenvolvemento das súas actuacións.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

En relación co borrador do Decreto polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, remitido ó CES pola Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, o Consello Económico e Social de Galicia entende que deberían contemplarse as seguintes modificacións no texto presentado:

Artigo 2: As funcións do Consello deberían especificarse e desenvolverse nunha posterior norma regulamentaria, sen agota-la relación das mesmas no Decreto. Proponse a seguinte redacción para o encabezamento do artigo:

“Artigo 2.- Serán funcións do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, sen perxuízo do seu posterior desenvolvemento regulamentario, as seguintes: (...)”

Artigo 2, apartado 4: A redacción deste apartado é demasiado restrictiva. Existen organismos non oficiais nos que, malia non estar recoñecida a presenza das organizacións de consumidores e usuarios, solicítase a súa presenza. Por este motivo, propónse unha nova redacción da parte final deste apartado, no seguinte senso:

“2.4.- Propoñer, cando os organismos ou entidades así o soliciten, os representantes das organizacións de consumidores e usuarios que teñan que formar parte daqueles órganos nos que esté recoñecida ou se solicite a súa presenza.”

Artigo 3, apartados 1 e 2: Proponse unhas mínimas modificacións técnicas para incluír dúas precisións: no apartado 1, á referencia ó ámbito autonómico; e no apartado 2, a inclusión expresa das confederacións. O artigo quedaría así:

“3.1.- Un representante e o seu correspondente suplente elixido por cada unha das asociacións de ámbito autonómico, non federadas, inscritas na sección xeral do rexistro regulado polo

Decreto 95/1984, do 24 de maio, e que acrediten como mínimo 5.000 socios.

3.2.- Un representante e o seu correspondente suplente elixido por cada unha das federacións e confederacións inscritas na sección xeral do rexistro regulado polo Decreto 95/1984, do 24 de maio. As federacións ou confederacións ás que fai referencia este apartado deberán acreditar un mínimo de 5.000 socios.

O número de representantes incrementarase conforme ó seguinte:

- a) un representante máis se acreditan 10.000 socios.*
- b) por cada 10.000 socios máis, partindo dos do apartado a), un representante máis.”*

Artigo 3, apartado 3: Proponse a inclusión na letra deste apartado da esixencia expresa de acreditar un número determinado de socios para as restantes asociacións, ás que fai referencia este apartado.

“3.3.- Un representante e o seu correspondente suplente elixido por e de entre as restantes asociacións non comprendidas nos apartados anteriores e inscritas na sección xeral do rexistro regulado polo Decreto 95/1984, do 24 de maio, e que acrediten alomenos no seu conxunto 5.000 socios.”

Artigo 4: A asistencia dos suplentes ás reunións e a súa participación nos traballos do Consellos debe producirse en caso de inasistencia ás mesmas dos titulares, independentemente da concurrencia ou non de impedimentos nos membros ós que substitúan. Proponse cambia-la palabra “impedimento” por “inasistencia” por calquera motivo. O resto da redacción sería similar.

“Artigo 4.- Sen perxuízo do disposto no artigo 9, o suplente só asistirá ás reunións do Consello e participará nos seus traballos en caso de inasistencia do membro ó que substitúa.”

Artigo 8, parágrafo 2º: Ten que estar previsto que a Mesa do Consello se reúna a lo menos unha vez ó mes, polo que se propoñe a seguinte redacción deste segundo parágrafo do artigo 8:

“Artigo 8.- (...)

O presidente, o vicepresidente e un membro do Consello da representación prevista no apartado 1 do artigo 3 e outro da representación prevista no apartado 2 do artigo 3 constituirán a Mesa do Consello, que se reunirá a lo menos unha vez ó mes e que ten a función de preparar e organiza-los traballos do Consello.

(...)”

Artigo 8, parágrafo 3º: Proponse unha modificación de carácter técnico:

“Artigo 8.- (...)

O presidente, o vicepresidente e os membros da Mesa serán elixidos por un período dun ano, renovable. A elección será por maioría de dous tercios dos membros do Pleno do Consello.”

Artigo 9: Proponse unha modificación de carácter técnico no primeiro parágrafo deste artigo no seguinte senso:

“Artigo 9.- O Consello poderá constituir Grupos de Traballo para o estudo de distintos temas que, polo seu interese, así o requiran. Os seus estudos serán elevados ó Pleno para a súa aprobación.”

Artigo 11: Proponse que a elaboración e aprobación do Regulamento sexa unha función do Pleno do Consello. A nova redacción sería a seguinte:

“Artigo 11.- O Regulamento da Organización e Funcionamento Interno do Consello, que terá que conte-lo réxime de adopción dos acordos, ás funcións dos seus órganos de goberno e demais aspectos de interese será elaborado e aprobado polo Pleno do Consello e

presentado ó conselleiro de Industria e Comercio para a súa publicación.”

Artigo 12: Proponse modificacións técnicas para falar do Pleno do Consello. Ademais, parece máis axeitado que este órgano se reúna catro veces ó ano. A redacción do artigo, nos seus dous parágrafos, sería a seguinte:

“Artigo 12.- O Pleno do Consello reunirase a lo menos unha vez ó trimestre.

Compete ó presidente convoca-las reunións do Pleno do Consello e fixa-la orde do día a instancia da metade dos seus membros, da Mesa ou da Consellería de Industria e Comercio.”

Artigo 13: Cómpre facer unhas modificacións para ser coherentes co proposto en artigos anteriores. Proponse a seguinte redacción para este artigo:

“Artigo 13.- Poderán participar nas reunións do Pleno do Consello, da Mesa e dos seus Grupos de Traballo con voz, pero sen voto, o persoal da Administración da Comunidade Autónoma que autorice ou designe o conselleiro de Industria e Comercio e os expertos externos que se considere conveniente.”

Artigo 14: Tamén neste caso é necesario facer unhas modificacións, no seguinte senso:

*“Artigo 14.- Os vocais do Consello estarán obrigados a non divulga-las informacións das que teñan coñecemento polas actividades dos Grupos de Traballo cando a Consellería de Industria e Comercio lles comunique que o informe solicitado ou o asunto plantexado se refire a unha materia de carácter confidencial.
(...)”*

Disposición adicional: Proponse engadir unha proposición adicional sobre o dereito a percibir dietas e gastos por parte dos membros do Consello.

“Disposición adicional.- A Consellería de Industria e Comercio, con cargo ós seus presupostos, aboará ós membros do Consello as dietas e gastos de desprazamentos orixinados pola asistencia ás reunións dos diferentes órganos colexiados do mesmo.”

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 1997

Vº e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo.: Carlos Monclús Díez de Ulzurun

VOTO PARTICULAR

QUE FORMULA D^a M^a ELVIRA ESPADA BARROS,
EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO GALEGO DE CONSUMO,
SOBRE A PROPOSTA DE DICTAME DO BORRADOR DO DECRETO POLO
QUE SE CREA O CONSELLO GALEGO DE CONSUMIDORES E USUARIOS.

A conselleira abaixo asinante, en representación do Consello Galego de Consumo, expón:

Que nunha reunión conxunta celebrada pola Federación de Consumidores Galega e a Federación de Consumidores e Usuarios, BRETEMA, co Excmo. Sr Presidente da Xunta de Galicia, que tivo lugar a finais de outubro de 1995, falouse da transformación do Consello Galego de Consumo no Consello Galego de Consumidores e Usuarios; e que serían os membros os que designarían os seus propios representantes.

O propio Presidente da Xunta, en carta dirixida ó entón presidente nacional de Consumidores e Usuarios, D. Javier Angelina, comunicoulle textualmente que “proximamente” se crearía o Consello de Consumidores e Usuarios.

Non habendo sido reunido, nin consultado o Consello Galego de Consumo (non estando aínda derogado) desde o 10 de outubro de 1995, nin a Comisión de Consumidores do Consello, considero que debe ser retirado o Borrador do Decreto polo que se crea o Consello Galego de Consumidores e Usuarios ata que dito trámite sea cumprimentado.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 1997

Asdo.: M^a Elvira Espada Barros